

Rúbrica do reto (versión docente)

Ítem	4	3	2	1
Planificación do evento deportivo	O evento está completamente organizado, elaboraron un cronograma claro, hai unha clara distribución de funcións e os espazos e materiais están axeitadamente definidos.	A planificación da xornada deportiva é axeitada, con detalles claros e concretos, aínda que con pequenos erros.	A planificación da xornada deportiva é sinxela, con erros ou omisións importantes.	Non hai unha planificación clara; existe improvisación.
Organización dos deportes alternativos	Todos os deportes están ben organizados, cunha axeitada distribución espazo-temporal, con regras establecidas. Existe unha participación e cooperación intercentros significativa.	A maioría dos deportes están organizados correctamente, con pequenos erros, pero conseguen sacar adiante a organización. Existe unha participación intercentros.	Só algúns deportes están ben preparados; hai confusión nas regras ou no desenvolvemento.	A organización non é axeitada; non se entenden as regras ou non se pode desenvolver ben a actividade. Non existe unha participación intercentros.
Participación e traballo en equipo	O grupo coopera activamente, todas e todos participan, achegan ideas e constrúen á actividade conxuntamente, valorando as achegas dos/as compañeiros/as.	Existe unha cooperación xeral, aínda que algunhas persoas participan en menor medida.	Existe unha participación desigual; algunhas persoas esforzándose moito e outras pouco ou moi pouco.	Obsérvase unha falta de cooperación; danse conflitos ou desinterese xeral.
Actividades no medio natural	As actividades son seguras, ben adaptadas e promoven o respecto pola contorna. Promóvese tamén a práctica de actividade física no medio natural e os hábitos saudables na realización de exercicio físico. Preséntanse unha variedade de actividades no medio natural.	As actividades están ben desenvolvidas, con algúns aspectos mellorables. Hai unha escasa promoción das actividades físicas que se poden desenvolver no medio natural.	As actividades son escasas ou pouco preparadas; hai un aproveitamento limitado da contorna.	Existe unha desorganización das actividades. Obsérvase a presenza de riscos para a seguridade das persoas practicantes.
Aplicación de primeiros auxilios e seguridade	Demóstrase comprensión dos primeiros auxilios e protocolos básicos de actuación, así como das funcións asignadas en cada actuación. Téñense en conta todos os factores de prevención e seguridade.	Hai nocións básicas e aplicación correcta dos primeiros auxilios, aínda que con algunhas dúbidas.	Hai ideas confusas ou incompletas sobre a seguridade e as actuacións básicas dos primeiros auxilios.	Non se coñecen ou non se aplican os primeiros auxilios de forma axeitada.



“Rúbrica do reto”, do proxecto cREAgal, publicada baixo a licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0

